

ANEXO VII

Corpo de profesores de ensino secundario: especialidades que imparten a formación profesional específica (590)

Corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional (598)

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – A (Programación didáctica)

Corpo:		Especialidade:		Tribunal Nº:		Data:		Hora:	
Nome e apelidos do membro do tribunal:					P	V1	V2	V3	V4
Nome e apelidos do/a opositor/a:					DNI do/a opositor/a:				

A. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. Ata 0,50 puntos.	
0	Non menciona a concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
	Menciona o contexto no que se enmarca a PD describindo a importancia do módulo dentro do ciclo formativo.
	Menciona o contexto no que se enmarca a PD describindo a importancia do módulo dentro do ciclo formativo tendo en conta as características propias do centro.
	Xustifica o contexto no que se enmarca a PD describindo a importancia do módulo dentro do ciclo formativo tendo en conta as características propias do centro e do ámbito produtivo.
0,50	Xustifica e concreta o contexto no que se enmarca a PD describindo a importancia do módulo dentro do ciclo formativo tendo en conta as características propias do centro e do ámbito produtivo. Describe situacións reais sobre as que deban existir actuacións por parte do/a docente.
Observacións:	
B. Relación e secuencia de unidades didácticas. Ata 0,75 puntos.	
0	Non menciona a temporización e a secuenciación das UD.
	Menciona, de xeito xenérico, a temporización das UD, pero non a súa secuenciación ou ben menciona a secuenciación pero non temporaliza as diferentes UD.
	Menciona a temporización das UD e a secuenciación das mesmas.
	Xustifica a temporización das UD tendo en conta o número de sesións semanais do módulo. Establece unha secuencia das UD ao longo do curso en función dos resultados de aprendizaxe traballados.
0,75	Xustifica a temporización das UD, tendo en conta o calendario escolar e o número de sesións semanais do módulo. Establece unha secuencia lóxica das UD ao longo do curso; están directamente relacionadas cos resultados de aprendizaxe e coas unidades formativas que forman parte do módulo.
Observacións:	
C. Deseño das unidades didácticas: relación e secuencia de actividades de ensino e aprendizaxe, obxectivos específicos e resultados ou produtos das unidades didácticas. Ata 0,75 puntos.	
0	Non menciona actividades de ensino e aprendizaxe das unidades didácticas.
	Menciona, de xeito xenérico, as actividades de ensino e aprendizaxe das UD e/ou materiais e recursos.
	Menciona as actividades de ensino e aprendizaxe das UD especificando os resultados ou produtos. Menciona, de xeito xenérico, os recursos específicos pero non son axeitados ás actividades propostas.
	Xustifica e concreta as actividades de ensino e aprendizaxe das UD especificando os resultados ou produtos de cada actividade. Concreta os materiais e recursos necesarios para a súa realización.
0,75	Xustifica e concreta as actividades de ensino e aprendizaxe das UD especificando os resultados ou produtos de cada actividade. Xustifica os obxectivos específicos para cada actividade de ensino e aprendizaxe. Concreta os materiais e recursos necesarios para a súa realización tendo en conta as características do centro.
Observacións:	

D. Avaliación. Procedementos e criterios de cualificación. Ata 1,00 punto	
0	Non menciona a avaliación do proceso de aprendizaxe.
	Menciona instrumentos de avaliación pero non son variados e acordes ao que realmente se quere avaliar. Menciona criterios de cualificación, pero non son claros e concisos.
	Emprega instrumentos de avaliación variados. Especifica criterios de cualificación e os relaciona cos criterios de avaliación.
	Emprega instrumentos de avaliación acordes ao que se pretende avaliar. Establece un peso na nota da unidade para cada criterio de avaliación. Xustifica os criterios de cualificación que o docente emprega para construír a cualificación dun/dunha alumno/a.
1,00	Emprega instrumentos de avaliación variados, acordes aos criterios de avaliación e ás características do módulo. Establece un peso asignado a cada criterio de avaliación dentro de cada UD a partir dos cales obtén a cualificación final da UD. Xustifica de maneira clara os criterios de cualificación que o docente emprega para construír a cualificación alumnado, tanto das distintas UD, como das avaliacións parciais e da avaliación final.
Observacións:	
E. Avaliación. Procedemento e criterios de recuperación das partes non superadas. Ata 1,00 punto	
0	Non menciona ningún procedemento de recuperación.
	Menciona, de xeito xenérico, o procedemento para a recuperación das partes non superadas, ou ben menciona a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.
	Menciona actividades de recuperación especificando os instrumentos utilizados. Menciona a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.
	Xustifica o procedemento para definir as actividades de recuperación especificando as técnicas e os instrumentos utilizados así como os momentos. Xustifica o procedemento para definir a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua ou do alumnado que asista á formación en empresa co módulo non superado (de ser o caso).
1,00	Xustifica, de xeito detallado, o procedemento para definir as actividades de recuperación especificando as técnicas e os instrumentos utilizados así como os momentos e as accións que se desenvolverán con alumnado, tendo en conta os diferentes resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación do módulo. Xustifica e concreta o procedemento para definir a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua ou do alumnado que asista á formación en empresa co módulo non superado (de ser o caso), indicando os momentos, os instrumentos.
Observacións:	
Observacións:	
F. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. Ata 1,00 punto.	
0	Non menciona medidas de atención á diversidade.
	Menciona medidas de atención á diversidade, pero con referencias moi xenéricas (presenta unicamente alumnado tipo para xustificar).
	Menciona unha avaliación inicial e especifica os momentos nos que se realiza. Menciona medidas de atención á diversidade puntuais para o alumnado que presenta NEAE e nomea os protocolos de atención á diversidade.
	Realiza unha avaliación inicial, especifica os momentos, as técnicas e os instrumentos de avaliación empregados. Establece, de xeito xenérico, medidas de atención para todo o alumnado. Xustifica medidas concretas de atención á diversidade (tanto ordinarias como extraordinarias) e acordes ás características e necesidades do alumnado que presenta NEAE, tendo en conta os protocolos de atención á diversidade.
1,00	Realiza unha avaliación inicial especificando o tipo de información que se desexa obter de cada alumno/a, as técnicas e instrumentos utilizados, así como os momentos e as accións que se desenvolverán co alumnado que se incorpore ao longo do curso. Xustifica medidas ordinarias de atención á diversidade para dar resposta ás diferentes características, intereses e motivacións de todo o alumnado, e tendo en conta as características e os recursos do centro. Xustifica medidas extraordinarias para atender ás necesidades do alumnado NEAE, utilizando distintos recursos e xustificando a intervención educativa seguindo o establecido nos distintos protocolos de atención á diversidade. Establece medidas para a atención educativa virtual ao alumnado que presenta dificultades para asistir ao centro.

Observacións:		
G. Programación da educación en valores e actividades complementarias. Ata 0,50 puntos.		
0		Non menciona a programación da educación en valores nin conta con actividades complementarias.
		Menciona, de xeito xenérico, a programación da educación en valores e conta con actividades complementarias pero sen concretar os recursos e o momento nos que se van realizar.
		Establece como se van traballar a educación en valores ao longo do curso. Establece a realización de actividades complementarias (en horario lectivo ou que abarcan parte do mesmo), indicando o momento, espazo e recursos que utiliza.
		Xustifica como se van traballar en valores ao longo do curso tendo en conta o contexto e as características do alumnado. Xustifica a realización de actividades complementarias (en horario lectivo ou que abarcan parte do mesmo), como complemento aos contidos traballados e xustificando o momento, espazo e recursos que utiliza.
0,50		Concreta e xustifica como se vai traballar a educación en valores en relación ao contexto, ás características do alumnado e aos contidos traballados nas distintas unidades didácticas. Concreta a realización de actividades complementarias (en horario lectivo ou que abarcan parte do mesmo), como complemento ao aprendido e para facilitar as aprendizaxes do alumnado, xustificándoas cos elementos curriculares e indicando o seu carácter diferenciado polo momento, espazo e recursos que utiliza.
Observacións:		
H. Procedemento sobre o seguimento da programación e avaliación da práctica docente. Ata 0,50 puntos.		
0		Non menciona a avaliación do proceso de ensino nin da práctica docente, nin o seguimento e avaliación da propia programación didáctica.
		Menciona de xeito xenérico e pouco preciso a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, así como o seguimento e avaliación da propia programación didáctica.
		Establece a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, así como o seguimento e avaliación da propia programación didáctica, concretando os instrumentos de avaliación utilizados e a súa temporización.
		Xustifica o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, así como o procedemento de seguimento e avaliación da propia programación didáctica, especificando indicadores de logro medibles e realistas. Indica os instrumentos de avaliación empregados para medir os indicadores e a periodicidade da súa aplicación. Xustifica a posta en común co resto do profesorado.
0,50		Concreta e xustifica o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, así como o procedemento de seguimento e avaliación da propia programación didáctica, especificando indicadores de logro medibles e realistas. Indica os instrumentos de avaliación empregados para medir os indicadores, a periodicidade da súa aplicación, así como as aplicacións informáticas que emprega no procedemento. Concreta e xustifica a posta en común co resto do profesorado, reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, de cara a valorar as propostas de modificación e/ou de mellora.
Observacións:		
I. Outros aspectos a valorar. Ata 4,00 puntos.		
	Comunicación	Claridade expositiva. Fluidez. Intensidade e prosodia utilizada no discurso. Dominio e credibilidade transmitida. Orixinalidade e carácter innovador da exposición.
	Organización	Grao de interiorización da programación didáctica. Estrutura e control do tempo.
	Xustificación	Propostas innovadoras relacionadas directamente coa área/materia e as novas tendencias actuais do sistema educativo. Utilización da normativa como soporte ás explicacións e non como unha mera enumeración.
	Documento da PD	A programación contén os elementos recollidos na normativa. Emprégase unha linguaxe inclusiva ao longo de todo o documento e a normativa mencionada ao longo do documento está en vigor. A redacción do documento presenta unha terminoloxía adecuada, respectando as normas ortográficas e gramaticais. A presentación do documento é orixinal.

Observacións:	
Cualificación total:	

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – B (Unidade didáctica)

Corpo:		Especialidade:		Tribunal Nº:		Data:		Hora:		
Nome e apelidos do membro do tribunal:						P	V1	V2	V3	V4
Nome e apelidos do/a opositor/a:					DNI do/a opositor/a:					

A. Xustificación e contexto da UD. Ata 0,50 puntos.	
0	Non fai referencias ao contexto.
	Xustifica a UD dentro do módulo pero non a contextualiza en función das características do ámbito produtivo.
	Xustifica a UD dentro do módulo e ten en conta as principais características do ámbito produtivo.
	Xustifica a UD dentro do módulo, establece unha temporización tendo en conta as principais características do ámbito produtivo e as características do grupo de alumnos/as.
0,50	A xustificación é completa, establece unha temporización coherente co resto da UD do curso e co calendario escolar, e ten en conta a realidade do centro, facendo fincapé nas características do ámbito produtivo e do alumnado.
Observacións:	
B. Asignación de elementos da UD. Ata 1,00 punto.	
0	Non menciona os resultados de aprendizaxe, nin criterios de avaliación nin contidos.
	Menciona os resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos do currículo pero non xustifica a coherencia entre os diferentes elementos curriculares.
	Menciona os resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos e hai coherencia entre eses elementos e o que se pretende traballar na UD.
	Menciona obxectivos específicos da unidade. Xustifica a relación entre resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos e o que se pretende traballar na UD.
1,00	Os obxectivos específicos da unidade didáctica son axeitados e están ben redactados. Os contidos e criterios de avaliación están adaptados ao curso, son coherentes entre si, establece un peso específico para a unidade dentro da programación. De ser el caso, crea subcriterios de avaliación e/ou subcontidos para un maior detalle do currículo a tratar na unidade didáctica.
Observacións:	
C. Deseño das actividades. Ata 1,50 puntos.	
0	Non menciona actividades.
	Menciona actividades pero son moi xerais ou xenéricas.
	Menciona actividades ben detalladas e axustadas ao currículo establecido para esa unidade.
	Xustifica actividades ben detalladas e axustadas ao currículo establecido para esa actividade. Especifica os obxectivos específicos e os resultados ou produtos da actividade.
1,50	Xustifica e concreta as actividades, son apropiadas para o módulo, parten do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas, seguen unha secuencia lóxica no tempo e o número de sesións é realista. Os resultados ou produtos da actividade correspóndense cos resultados de aprendizaxe e os obxectivos específicos propostos.
Observacións:	
D. Metodoloxía, recursos e materiais didácticos empregados. Ata 1,00 punto.	
0	Non menciona a metodoloxía.
	Menciona unha metodoloxía moi xenérica ou non ten en conta as características do centro e do alumnado.
	Menciona unha metodoloxía variada considerando as características do centro e do alumnado.
	Xustifica unha metodoloxía clara e variada considerando as características do centro, do alumnado, así como as orientacións pedagóxicas establecidas no currículo do módulo.

1,00	A metodoloxía é coherente ao logro dos resultados de aprendizaxe considerando as orientacións pedagóxicas, especificando diferentes estratexias de aprendizaxe, os agrupamentos, as formas de organización do espazo e dos tempos. Os recursos específicos utilizados son variados e axeitados tendo en conta o contexto do centro educativo.	
Observacións:		
E. Avaliación. Ata 1,50 puntos.		
0	Non menciona a avaliación do proceso de aprendizaxe.	
	Menciona instrumentos de avaliación asociados aos criterios de avaliación, pero non son os axeitados.	
	Menciona instrumentos de avaliación asociados aos criterios de avaliación, e en xeral son os axeitados.	
	Os instrumentos de avaliación empregados son axeitados aos criterios de avaliación. Indícanse os criterios de avaliación mínimos esixibles e o seu peso na nota da unidade didáctica.	
1,50	Os instrumentos de avaliación empregados son axeitados aos criterios de avaliación ou subcriterios (de ser o caso) de avaliación. Indica o peso de cada criterio de avaliación na nota da unidade didáctica e xustifica os criterios de cualificación que o docente emprega para construír a cualificación da UD.	
Observacións:		
F. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. Ata 0,50 puntos.		
0	Non menciona medidas de atención á diversidade.	
	Menciona medidas de atención á diversidade pero con referencias moi xenéricas.	
	Menciona medidas de atención á diversidade en función da avaliación inicial realizada.	
	Establece medidas de atención á diversidade en función da avaliación inicial realizada e o establecido nos distintos protocolos de atención á diversidade.	
0,50	Establece medidas de atención á diversidade acordes ás necesidades do alumnado, parten da avaliación inicial, e propón medidas de reforzo para o alumnado que non responde globalmente aos obxectivos programados. Emprega pautas concretas dos distintos protocolos de atención á diversidade.	
Observacións:		
G. Debate. Ata 1,00 punto.		
	Preguntas do tribunal	- Responde con solvencia e rigor.
H. Outros aspectos a valorar. Ata 3,00 puntos.		
	Comunicación	Claridade expositiva. Fluidez. Intensidade e prosodia utilizada no discurso. Domínio e credibilidade transmitida. Orixinalidade e carácter innovador da exposición.
	Organización	Grao de interiorización da UD. Estrutura e control do tempo. Utilización do esquema/guión como soporte da exposición. Utilización de materiais e recursos achegados, especialmente de elaboración propia.
	Xustificación	Propostas innovadoras en relación ás novas tendencias actuais do sistema educativo. Propostas innovadoras relacionadas directamente co módulo. Xustificación teórica e adecuación á normativa en vigor. Utilización da normativa como soporte ás explicacións e non como unha mera enumeración.
Observacións:		
Cualificación total:		

Cualificación total da segunda proba da fase oposición

Parte	Cualificacións	Ponderación	Resultado	GLOBAL
A – Programación didáctica		X 0'4		
B – Unidade didáctica		X 0'6		

